



MAGOSTO

MATERIAL DIDÁCTICO



O MAGOSTO
FARRUCO DE MANTOÑO

DOUS OURIZOS BEN BICUDOS
CRISTINA SÁEZ CAZALLAS

O MAGOSTO XA CHEGOU
CRISTINA SÁEZ CAZALLAS



CEIP. JUAN FERNÁNDEZ LATORRE
A CORUÑA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ÍNDICE

O MAGOSTO	3
QUE SABES DA CANTIGA?	5
O ENCRUCILLADO DA CANTIGA	6
DE ONDE ERAN ESTES VECIÑOS?	7
OS LUGARES DA RÍA MUROS-NOIA	8
OS OITO ERROS	9
DOLIS OUIRIZOS BEN BICLIDOS	10
QUE SABES DO TEXTO?	11
O LABIRINTO	12
A SOPA DE LETRAS	13
O MAGOSTO XA CHEGOLI	14
QUE DI O TEXTO?.....	15
QUE BARULLO!.....	16
QUE HAI NO RECADRO?	17
COMO ANDAMOS DE MEMORIA?	18
QUE FIXEMOS OUTROS MAGOSTOS?	19
A CASTAÑA QUE CHEGOLI A ÁRBORE	20
RAP DO MAGOSTO	22
O ENCRUCILLADO DO RAP	23
VEÑA EU VAN FERVENDO	24
A SOPA DE LETRAS	25
NO CORAZÓN DO BOSQUE	26
MANUALIDADES	28

O MAGOSTO (CANTIGA)

I
Se oídes moito barullo
e non podedes durmir,
vós non vos preocupedes
somos os de Portosín.

Somos os de Portosín
que marchamos para Camboño,
a apañar catro castañas
para preparar o magosto.




Os de Valcunqueiro
non queren castañas,
pois din que lles custa
traballo apañalas.

No entanto os da Silva
xa marcharon antes,
por ver se así poden
coller as máis grandes.

E os de Beneso
por non madrugar,
dixeron que viñan
despois de xantar.

E os de Mantoño
que son de máis lonxe,
dixeron que ían
cruzar polo monte.



II

Cruzar polo monte
só por atallar,
nin o demo sabe
cando van chegar.

Cando eles ían
chegando a Gorgosa,
os demais veciños
xa viñan de volta.



Á noite voltaron xuntos
en harmonía e compañía,
e fixeron a fogueira
para asaren as castañas.

Acenderon lume,
asáronas fóra,
os de Valcunqueiro
coméronas todas.

Xuntaron castañas
todo un día enteiro,
para que as comeran
os de Valcunqueiro.

Para as apañaren
non lle vía xeito,
e coméronas todas
a corpo dereito.



QUE SABES DA CANTIGA?

1.- De onde eran os que armaban moito barullo?

2.- Onde ían os de Portosín?

3.- A que ían os de Cambaño?

4.- Por que non queren castañas os de Valdecunqueiro?

5.- Por que se marcharon antes os da Silva?

6.- Cando ían vir os de Beneso?


7.- Por onde ían cruzar os de Mantoño?

8.- Cando deron volta os demais veciños?

9.- Que veciños comeron todas as castañas?

10.- Canto tempo tardaron en xuntar as castañas para o Magosto?

O ENCRUCILLADO DA CANTIGA



HORIZONTAIS

- 1.- Lugar onde foron os de Portosín a apañar catro castañas.
- 2.- Festa que ían preparar os veciños de Portosín.
- 3.- De onde eran os que non querían castañas?
- 4.- Cando os demais veciños deron volta, a que lugar estaban a chegar os de Montoño?
- 5.- De onde eran os que armaban moito barullo e non deixaban durmir?
- 6.- E os que marcharon antes para ver se así podían coller as castañas máis grandes, de onde eran?
- 7.- De onde eran os de máis lonxe que ían cruzar polo monte?
- 8.- Uns dixeron que virían despois de xantar. De que lugar viñan?

1.-CAMBOÑO 2.-MAGOSTO 3.-VALCUNQUEIRO 4.-GORGOSA 5.-PORTOSÍN 6.-SILVA 7.-MANTOÑO 8.-BENESO

DE ONDE ERAN ESTES VECIÑOS?

Relaciona, unindo e coloreando da mesma cor o lugar e o que fixeron os seus veciños.

VALCUNQUEIRO

MANTOÑO

SILVA

CAMBOÑO

PORTOSÍN

BENESO

GORGOSA

FAN MOITO BARULLO

MARCHARON ANTES


**ALÍ ÍAN CHEGANDO OS DE
MANTOÑO**

NON QUEREN CASTAÑAS

VIÑAN DESPOIS DE XANTAR

















SON OS DE MÁIS LONXE











**ALÍ FORON OS DE PORTOSÍN A
APAÑAR CATRO CASTAÑAS**













OS LUGARES DA RÍA DE MUROS-NOIA








Repara nos símbolos e coloca cada letra onde lle corresponde, aparecerán os nomes de sete localidades da ría de Muros e Noia.





										
C	D	F	L	M	N	P	R	S	T	X
										
			A	E	I	O	U			







									






				


TARAMANÇOS LOURO OUTES ESTEIRO NOIA FREIXO MUROS

OS OITO ERROS

Compara e localiza os oito erros neste debuxo de *Cousas da vida* de Alfonso Rodríguez Castelao. Colorea.



Xa que non se pode falar, tocaremos.



DOS OURIZOS BEN BICUDOS

CRISTINA SÁEZ CAZALLAS

Dous ourizos ben bicudos
falando nun castiñeiro
moi preto do Castrillón
comezaron a asustarse
cando viron dous rapaces
que, amodiño, se achegaban
con caras de ser lambóns.

Mais, rapaces, nese intre
os que castañas buscaban
víronas tan xeitosiñas
que as colleron decontado
para levalas ao cole
e facer un bo colar.

É o que ten ser castaña
froito rico do outono
que en calquera das súas formas
crúa, cocida ou asada
senta ben na barriguiña
dos que festexan no cole
o saboroso Magosto.



QUE SABES DO TEXTO?

1.- Completa estes versos usando as palabras dos recadros.

castiñeiro

amodiño

Castrillón

rapaces

ourizos

lambóns

Dous _____ ben bicudos
falando nun _____
moi preto do _____
comezaron a asustarse
cando viron dous _____
que, _____, se achegaban
con caras de ser _____.




2.- Que querían facer o rapaces coas castañas?

3.- De que tres formas están ricas as castañas?

4.- Que festexan no cole os rapaces?

LABIRINTO

Que camiño terá que percorrer a nena para chegar ás castañas? Píntao.



A SOPA DE LETRAS

1.- Localiza nesta sopa de letras o nome de oito palabras que aparecen non texto. Ollo! están colocadas de arriba a abaixo e de esquerda a dereita.

**BICUDOS CASTRILLÓN LAMBÓN RAPACES
COLAR CASTAÑA OUTONO MAGOSTO OURIZOS**

Q	R	E	U	L	T	I	P	E	O	Ñ
C	O	Q	I	P	U	Ñ	C	G	H	F
A	T	B	I	C	U	D	O	S	Q	I
S	Ñ	Q	I	A	H	F	L	R	U	O
T	H	R	U	S	E	T	A	O	P	T
A	T	O	L	T	Ñ	I	R	U	E	R
Ñ	U	P	T	R	A	P	A	C	E	S
A	O	U	R	I	Z	O	S	Q	R	E
E	R	Q	L	L	A	M	B	O	N	S
Ñ	L	U	O	L	T	D	I	S	P	R
G	Q	P	D	O	Ñ	H	R	O	U	L
O	U	T	O	N	O	U	P	E	T	I

Que palabra do recadro é a que non aparece na sopa de letras?


O MAGOSTO XA CHEGOU

O Magosto xa chegou
todas as castañas choran
porque saben que no lume
axiña se atoparán.

Mentres os rapaces rin
fan colares coas que choran
para poñeren de adorno
nos pulsos e nos pescozos.

Cando na leña xa están
agardando a ser asadas
os meniños cantan, bailan
ao son da gaita tocada.

Hoxe é festa
o Magosto xa chegou!




QUE DI O TEXTO?

Substitúe os debuxos pola palabra correspondente.

O Magosto xa chegou


todas as  _____ choran


porque saben que no  _____
axiña se atoparán.

Mentres os  _____ rin

fan  _____ coas que choran


para poñeren de adorno

nos pulsos e nos  _____ .

Cando na  _____ xa están

agardando a ser asadas

os meniños cantan, bailan

ao son da  _____ tocada.

Hoxe é festa

o Magosto xa chegou!

QUE BARULLO!

Ordena as sílabas e escribe as palabras relacionadas co magosto que aparecen no texto.

ÑAS **CAS** **TA** ▶

ME **LU** ▶

DAS **A** **SA** ▶

FES **TA** ▶

NI **ÑOS** **ME** ▶


SOS **PUL** ▶

ZOS **PES** **CO** ▶

TA **GAI** ▶


QUE HAI NO RECADRO?

Colorea as partes que teñen un punto e descobre o debuxo que hai no recadro.




COMO ANDAMOS DE MEMORIA?

Imos facer un xogo para a memoria. Recorta as fichas e ponas boca abaixo. O primeiro xogador dálle volta a dúas fichas, se son iguais pode levalas, se son diferentes colócaas, de novo, boca abaixo e despois tócalle facer o mesmo ao seguinte xogador. E así un despois doutro. Gaña o xogador que teña máis parellas. A que agardas para xogar?



QUE FIXEMOS NOUTROS MAGOSTOS!



A CASTAÑA QUE CHEGOU A ÁRBORE

TUCHO CALVO

O día que nacín, o sol de mediados de outubro petaba de firme na fraga. Non se paraba coa calor alí dentro e comezamos a rebulir ata que rachou a parede que nos amparaba e abriuse diante miña, que estaba no medio, un tremendo abismo. Foi terrible.

- Por que vimos dar aquí as máis de nós? –preguntei cando xa me sentín menos mareada, a outras castañas que atopei.

- Ui, isto non é nada!. Nun par de días, como siga o ventíño e non deixe de quentar o sol, échese o rego. E daquela virán apañar-nos. Meterannos nun paxe ou en calquera saco, e levarannos. Despois espallarannos ao sol ata que esteamos ben enxoitas e secas.

Nese momento preparánnos para o seu alimento: unhas veces, bótannos sen máis a ferver en auga un pouco salgada e con anises que tamén apañan aí embaixo, e chámannos zonchos; outras, pícanos a pel e póñennos nalgún asador; ás veces, íspennos desta pel escura, póñennos unha noite a remollo e cócennos despois cos anises e unha miga de sal, para logo espelicarnos e comernos; fan con nós caldo, doces...

- Mamá, que medo!

- Non te apures. Non é o peor que nos pode pasar, segundo os meus gustos. En cada castiñeiro somos moreas de castañas e para as máis de nós ese é o futuro. Hai quen conta que non é tan malo. De feito, nós non sentimos dor, iso que preocupa aos animais. Así que o peor do conto é que temos



unha vida curta. Pero dise que os humanos gozan connosco. Mesmo nos fan unha festa, o magosto, e tanto nela como nas asadas que se fan nas lareiras aproveitan para parolar, contar historias e contos á luz do lume... Seica se pasa moi ben... e nós somos as protagonistas.

- Que resignada te atopo! A min gustaríame viaxar e ver mundo e algún día atopar unha boa terra e botar raíces para me facer árbore.

- Que lista! E a quen non?



1.- A castaña fíxose maior e chegou a árbore. A que chegaron de maiores cada un destes animais? Une.

CAZAPO	●	○	PORCO
PITO	●	○	CARNEIRO
CANCIÑO	●	○	COELLO
AÑO	●	○	CAN
LEITÓN	●	○	GALIÑA

2.- Ordena esta maneira de cocer as castañas e... comelas.

Cócense con anises e sal.	Íspense da pel escura.
Espelícanse.	Póñense unha noite a remollo.
Cómense.	

- 1.- _____
- 2.- _____
- 3.- _____
- 4.- _____
- 5.- _____

RAP DO MAGOSTO

Castaña, castaña, do chan se apaña,
Metida no ourizo non é unha “patraña”.
Magosto, magosto, non vaias co posto
Lava castañas e alegra ese corpo.

Coidado cos dedos, pódeste picar,
O castiñeiro protexe o seu froito vital.
Apañando con tino metendo nun cesto,
Deixando secar a castaña ao solleiro.

Despois de ben secas, mételle o dente,
Ponas ao lume para que estean ben quentes.
Despois dun tempiño están preparadas
Comemos castañas, castañas asadas.


Tamén é costume furar a tixola
Para asar as castañas. A tixola mola!
Hai outros que queren facelas cocidas,
Fiúncho e cachelos, castañas fervidas.

Non hai desperdicio, non perdas o tempo,
Tan só hai que poñer en bo uso o peteiro.
Deixádeme agora que convide eu.
Castañas, castañas, non sexas baldreu!



O ENCRUCILLADO DO RAP

1.- Depois do Rap do magosto toca agora o encrucillado do magosto. Atrévete?



HORIZONTALAIS

1.- Elemento no que hai que poñer as castañas para que estean ben quentes. Ollo! que queima.

2.- Lugar no que se apañan as castañas que caen dos ourizos.

3.- Apelido do cantante do rap do magosto, Paco...

4.- Co día así secan mellor as castañas. Non chove, non hai nubes, non neva, non orballa, non hai néboa... é un día...

5.- Recipiente de vimbios ou de corrizas de madeira con asa para levar froita, roupa... onde metemos as castañas que imos apañando polo chan.

6.- Recipiente metálico circular que se usa na cociña para fritir, tamén para asar as castañas e que ás veces se fura para podelas asar mellor. Mola!

1.-LUME 2.-CHAN 3.-NOGUEIRAS 4.-SOLLEIRO 5.-CASTIÑEIRO 6.-CESTO 7.-TIXOLA

VEÑA, QUE VAN FERVENDO!

M. CASTIÑEIRA
A VOZ DE GALICIA
HEMEROTECA (10-10-1895)

Mentres, pola súa banda, todos os rapaces de todas as aldeas, revoando coma gorrións -trastes!, máis que trastes! rillo-tes!, máis que rillo-tes!- fan unha decota tremenda nas corredoiras e nos soutos, a pedrada limpa, guindando paus á rebola ou agatuñando audaces.

Caen morcegas, berdellas, albariñas, bravas -que son as que mellor se conservan-, luggesas, as de cedo, espiñudas, patosas, rosendas... Cada unha co seu tamaño e o seu sabor, a pesares do que cren os profanos de que non hai máis que unha clase de castañas. Erro tremendo!

Así que benvidas sexan as castañeiras... e as castañas, que seguramente farán a delicia de moitos gastrónomos, que deixando clásicos modos de comelas entréganse ás confitadas, ou tómanas con crema ou tómanas -e isto é case un segredo- cocidas en viño de Xerez. Nós probámo-las así, pero declaramos que as preferimos cocidas en auga... e o Xerez, despois.



A SOPA DE LETRAS

1.- Localiza nesta sopa de letras o nome de oito variedades de castañas. No texto parecen nove. Cal falta?

**ROSENDAS PATOSAS ESPÍÑUDAS LUGUESAS DE CEDO
BRAVAS ALBARIÑAS BERDELLAS MORCEGAS**

A	D	G	Ñ	B	F	H	N	C	V	R
S	B	A	C	N	V	X	D	M	Z	O
P	G	F	V	B	S	P	N	Ñ	H	S
M	O	R	C	E	G	A	S	M	A	E
N	A	H	D	R	B	T	S	G	F	N
D	E	C	E	D	O	O	D	B	N	D
B	C	S	Ñ	E	F	S	A	R	H	A
X	V	F	M	L	N	A	Ñ	A	D	S
Z	S	A	H	L	D	S	F	V	N	G
D	A	L	B	A	R	I	Ñ	A	S	B
H	S	F	G	S	M	Ñ	D	S	V	N
S	L	U	G	U	E	S	A	S	D	A

Tipo de variedade de castaña que falta na sopa de letras?

NO CORAZÓN DO BOSQUE

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

O Sol xa quentaba sen forza cando os profesores deron a orde de recollelo todo. (...)


(...) Era cedo, aínda faltaba máis de media hora para marcharen.

- E que podemos facer mentres? - preguntou un neno.

- Pois coller castañas -contestou Rosa, ao tempo que lles sinalaba o souto que se estendía pola beira esquerda do río-. Pero non vos acheguedes á auga; tedes sitio de sobra para andardes!

Raquel e Ana correron ata os castiñeiros. Era verdade o que Rosa dixera: baixo as árbores, o chan aparecía cuberto de follas secas, pero tamén de ourizos e de castañas soltas que se desprenderan ao caer.

As nenas deixaron caer as mochilas arrimadas a un tronco e puxéronse a apañar castañas con entusiasmo. Ao primeiro tentaban abrir os ourizos coa man, pero non facían máis que picarse nos dedos. Coas botas, e axudándose cun pao, axiña deron co método idóneo para escascar os ourizos e coller os froitos que gardaban dentro.



1.- Canto faltaba para saír de clase?



2.- Que dúas rapazas foron ata o castiñeiro? Que utilizaron para escarcar os ourizos?



3.- Une cada nome co nome colectivo correspondente.

CASTIÑEIRO

PIÑEIRO

FORMIGA

PLANTAS DUNHA REXIÓN

ALLOS OU CEBOLAS

CARBALLO

RESTRA

FLORA

SOUTO

CARBALLEIRA


FORMIGUEIRO

PIÑEIRAL

4.- Localiza neste rebumbio a palabra MAGOSTO. Olo! que hai seis.




E	M	M	M	L	U	D	H	F	I	Z	M
F	A	M	A	G	O	S	T	O	X	D	A
H	G	E	G	G	X	F	Z	B	I	V	G
D	O	B	O	I	O	E	U	H	N	F	O
V	S	F	S	Z	H	S	X	D	I	U	S
U	T	I	T	D	E	B	T	Z	F	H	T
E	O	X	O	I	M	A	G	O	S	T	O

MANUALIDADES




LINHA CASTAÑA CON PINZAS

Colorea e recorta as patas e as pinzas. Colle unha castaña e pégalle todas as pezas, píntalle os ollos e... a meter medo!





DE CASTAÑA A XOANIÑA

Colorea de negro o que vai ser a cara da xoaniña e o corpo pinta de cor vermella. Cun rotulador faille unha liña polo medio e píntalle cinco puntos a cada lado. Finalmente píntalle os ollos e xa tes unha xoaniña.







CADA COUSA NO SEU SITIO

Recorta cada unha das pezas da castañeira, pégaas no lugar que lle corresponde e colorea.




TODAS AO CUCURUCHO!

Colorea as castañas e o cucurucho. Recorta todo e pega as tres castañas na parte escura do cucurucho




AS SETE DIFERENZAS

Descubre as sete diferenzas entre os dous debuxos e despois colorea o da parte superior.




QUE VÉN O OUTONO!

Debuxa as follas e os ourizos que lle faltan ao castiñeiro. Colorea,



UNHA CAIXIÑA PEQUENA


Colorea, recorta, encarta, pega... e terás unha caixiña para levar... unha castaña!



A CAIXIÑA PARA AS CASTAÑAS

Fai a túa cestiña para as castañas do magosto. Só precisas un brick de leite e seguir estas instrucións.


UNHA CAIXIÑA PARA AS CASTAÑAS



1.- Corta un cartón de leite pola metade.




2.- Pega cada metade e fai un burato pequeno en cada lateral.



3.- Engancha un cordel longo nos furados que fixeches.

Un lado serve para as castañas e outro para as tonas.



4.- Adorna e decora a caixa. Podes empregar técnicas diferentes: coloreala con témperas, forrala con papeis de cores, poñerlle pegatinas...

Xa tes a caixa lista para encher de castañas asadas!

**CONTAMOS COA VOSA COLABORACIÓN
PARA MANTER LIMPO O COLE!**

